

IDEAS PARA HOMILÍA

18 ABRIL 2021

Tras resucitar, Xesús queda para comer cos seus amigos.

1. VER: Quedamos para comer

- Sempre que podemos facemos algunha quedada para comer en familia ou quedar cos amigos. O quedar a comer é máis unha desculpa para poñernos ao día, contar o que nos pasa, gozar de estar xuntos.
- Claro que esta época de confinamento estamos poñendo as cousas difíciles para estes eventos.

Con quen che gustaría comer? De que falarías na comida?

2. XULGAR: Xesús queda a comer con eles.

- Xesús, o domingo trala resurrección preséntase por segunda vez no medio dos apóstolos, saúdaos coa paz e eles crían que era unha pantasma. Pero el móstralles as súas mans e os seus pés aínda chagados polos cravos e fálalles, enchéndoos de ledicia. Logo **come con eles**, explícalles as Escrituras e *“abriulles o entendemento para comprendelas”*.

QUE NOS QUERE DICIR?

- Xesús queda connosco a comer cada domingo no que hai mesa, alimentámonos, escoitamos palabras importantes.

Esperamos ese día con ilusión, preparámonos, levamos o traxe novo.

- **Durante esa comida escoitamos** con atención o que nos di Xesús, son palabras importantes e bonitas que nos axudan a entender a vida, o que nos pasa para ver a vida cos ollos de Deus. É a Palabra de Deus. Nós “**descargamos**” a **Palabra** de Deus na nosa vida para que nos encha de forza, luz, ledicia e paz.
- **E comemos o seu Corpo e o seu Sangue**, el é o noso alimento, a nosa forza, que nos une a Xesús e aos irmáns. Todo un privilexio

***Escoitas a Palabra de Deus?
Prepárate para comungar? Dás grazas?***

3. ACTUAR: Acode cada domingo para comer

- Valora cada domingo o encontro con Xesús na Eucaristía. Presta atención ao que che di Xesús ao escoitar a súa Palabra e que quere cambiar en ti.
- Prepárate para comungar e dá grazas. Pensa que formas parte dunha comunidade unida arredor de Xesús.
- Responde: “Loámoste, Señor”, “Gloria a ti, Señor, Xesús”. E ao comungar: “Amén”.

Que imos facer?

LECTURAS

HECHOS 3, 13-15.17-19: *(Matastes o autor da vida, mais Deus resucitouno de entre os mortos).*

FEITOS 3, 13-15.17-19: *Matastes o autor da vida, mais Deus resucitouno de entre os mortos.*

Naqueles días, Pedro díxolle ao pobo: «O Deus de Abrahán, de Isaac e de Xacob, o Deus dos nosos pais, glorificou o seu servo Xesús, ao que vós entregastes e de quen renegastes ante Pilato, cando decidira soltalo.

Vós renegastes do Santo e do Xusto, e pedistes o indulto dun asasino; matastes o autor da vida, pero Deus resucitouno de entre os mortos, e nós somos testemuñas diso.

Agora ben, irmáns, sei que o fixestes por ignorancia, do mesmo xeito que as vosas autoridades; pero Deus cumpriu deste xeito o que predicira polos profetas, que o seu Mesías tiña que padecer. Xa que logo, arrependídevos e convertédevos, para que se borren os vosos pecados». *Palabra do Señor.*

SALMO 4:

Fai brillar sobre nós, Señor, a luz do teu rostro.

I XOÁN 2,1-5:

(El é a vítima de propiciación polos nosos pecados e tamén polos do mundo enteiro).

LUCAS 24, 35-48: *Así está escrito: o Mesías padecerá e resucitará de entre os mortos ao terceiro día.*

Narrador: Naquel tempo, os discípulos de Xesús contaron o que lles pasou polo camiño e como o recoñeceron ao partir o pan. Estaban falando destas cousas, cando el se presentou no medio deles e díxolles:

Xesús: *-«Paz convosco».*

Narrador: Pero eles, aterrorizados e cheos de medo, crían ver un espírito. E el díxolles:

Xesús: *-«Por que vos alarmades?, por que xorden dúbidas no voso corazón? Mirade as miñas mans e os meus pés: son eu en persoa. Palpádeme e dávos conta de que un espírito non ten carne e ósos, como vedes que eu teño».*

Narrador: Dito isto, mostroulles as mans e os pés. Pero como non acababan de crer pola alegría, e seguían atónitos, díxolles:

Xesús: *-«Tendes aí algo para comer?».*

Narrador: Eles ofrecéronlle un anaco de peixe asado. El tomouno e comeu diante deles. E díxolles:

Xesús: *-«Isto é o que vos dixen mentres estaba convosco: que era necesario que se cumprise todo o escrito na Lei de Moisés e nos Profetas e Salmos achega de min».*

Narrador: **Entón abriulles o entendemento para comprender as Escrituras.** E díxolles:

Xesús: *-«Así está escrito: o Mesías padecerá, resucitará de entre os mortos ao terceiro día e no seu nome proclamarase a conversión para o perdón dos pecados a todos os pobos, comezando por Xerusalén. Vós sodes testemuñas disto».*

Palabra del Señor

(Narrador-Xesús)